



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

EXTRACTO DE BASES SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO MUNICIPIO

Extracto do acordo de 16 de maio de 2018 do Pleno do Concello de Nigrán, polo que se aproban as bases específicas de concesión de subvencións para actividades culturais no municipio.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.3.a da Lei 28/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase extracto da convocatoria cuio texto completo pode consultarse na base de datos Nacional de Subvencións (BDNS):

<http://sede.nigran.org/public/bulletin/bulletin-details.xhtml?idtaskdata=5096615>

1.—OBXECTO DA SUBVENCIÓN:

Regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.

2.—ENTIDADES BENEFICIARIAS:

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas bases as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

3. CONVOCATORIA E FINANCIAMENTO

As axudas concederanse con cargo aos créditos orzamentarios que se indiquen na correspondente convocatoria ditada pola Alcaldía, na que se especificará tamén a contía máxima destinada a aquelas.

A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello.

4.—GASTOS SUBVENCIONABLES:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen ata a data límite de xustificación, segundo as bases da convocatoria.

O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinalen pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderá xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

5.—CRITERIOS DE OUTORGAMENTO:

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os sinalados nas





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

bases.

6.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

a) *As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse de conformidade co previsto no artigo 66 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas e concordantes.*

b) *O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

c) *Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta nos modelos normalizados incluídos nos anexos I ó V incorporados á Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro, publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22-07-05. Ademais deberá xuntarse a documentación sinalada nas bases.*

